

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezanove de febreiro de dous mil dezaoto ; as dez horas da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona María López Touza e Don Javier Iglesias Sendín. –

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudo dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado doce de febreiro de dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Escrito de dona María Rosa González Canitrot en representación de dona Amalia Canitrot Franch solicitando que se faga constar que o patio e a horta sitos en A Foz nº41, referencia catastral 000200700NG78A0001TO, non son terreos de dominio público. Visto o informe da arquitecta municipal de data 15 de febreiro de 2018, que incorporase como motivación ao presente acordo aos efectos previstos no artigo 88.6 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común e copia do cal dárase traslado ao interesado, a xunta de goberno acorda: -Declarar que o patio e a horta sitos en A Foz nº41, referencia catastral 000200700NG78A0001TO, non son terreos de dominio público.

Escrito de dona María Rosa González Canitrot en representación de dona María del Carmen Lorenzo Gómez solicitando que se faga constar que o patio e a horta sitos en A Foz nº37, referencia catastral 000201400NG78A0001KO, non son terreos de dominio público. Visto o informe da arquitecta municipal de data 15 de febreiro de 2018, que incorporase como motivación ao presente acordo aos efectos previstos no artigo 88.6 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común e copia do cal dárase traslado ao interesado, a xunta de goberno acorda: -Declarar que o patio e a horta sitos en A Foz nº 37, referencia catastral 000201400NG78A0001KO, non son terreos de dominio público.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitud de información urbanística interesada por dona Marta Susana Caneda Guede en representación de DIASA , sobre local comercial sito en Avda Redondela 23, baixo referencia catastral 0418911NG7801N0030IM, número de expediente **RIB/N/14/18**, 2542/2017. A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 14.02.2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para local comercial sito en Avda Redondela 23, baixo referencia catastral 0418911NG7801N0030IM , de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitud de información urbanística interesada por don Francisco Lorenzo Rodríguez , sobre parcela sita en San Cristovo , referencia catastral 1445208NG7814N0001BS, número de expediente **RIB/C/07/18**, 320/2018. A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 14.02.2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, , sobre parcela sita en San Cristovo , referencia catastral 1445208NG7814N0001BS de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

-Escrito de dona Yovana Curras Gil , con rexistro de entrada no concello de 7 de febreiro de 2018, no que expón “ he pagado el abono anual no residente adulto y ahora por motivos laborales me trasladan. No he acudido ningún día al pabellón” e solicita “ que se me devuelva la cantidad de 112 € del abono”. A xunta de goberno acorda comunicarlle que non cabe acceder ao solicitado, dado que os abonos poden ser mensuais, non anuais , e foi unha opción da solicitante facer o abono anual non mensual , e que dita imprevisión non pode recaer sobre as arcas municipais.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non hai.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Solicitud de subvención APROL RURAL 2018.

Vista a Orde do 31 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) para o exercicio 2018, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de obra ou servizo, denominado Grupo de Limpieza de Montes.

2º.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo.

3º.- Que en relación á subvención solicitada existe financiamento suficiente para financiar as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola consellería.

4º.- Que o convenio colectivo de aplicación aos traballadores/as desempregados/as que se van a contratar para a execución da obra/ servizo polo que se solicita a subvención é o seguinte: Convenio Colectivo do concello de Ribadavia , publicado no BOP nº 51 de 01/04/2008, e que conforme ao mesmo , o salario a abonar aos traballadores é, en importe mensual , o seguinte:

Número de traballadores 2
Grupo cotización Seguridade Social 10

Ocupación Peóns de limpeza.

CNAE 2009 (4 díxitos) e ocupación (letra) 84.11 G

Total custo mensual 1.315,63 euros

Nº de meses: 9

Total por traballador: 11.840,67 euros.

Custos salariais totais: 23.681,34 euros

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de outubro 2017, por importe de 1.354,70 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

2.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de novembro 2017, por importe de 978 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

3.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de decembr 2017, por importe de

564,20 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes o exercicio 2018, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 22 de xaneiro de 2018 e publicadas no B.O.P. nº 25, de 31 de xaneiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollese as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado:“Actividades Feira do Viño do Ribeiro”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes o exercicio 2018, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 22 de xaneiro de 2018 e publicadas no B.O.P. nº 25, de 31 de xaneiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollese as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado:“Entroido”

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes o exercicio 2018, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 22 de xaneiro de 2018 e publicadas no B.O.P. nº 25, de 31 de xaneiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollese as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado: “Festas do Portal”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dez horas e dez minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.